

Política de calidade

A asociación de familiares de persoas con Alzheimer e outras demencias de Viveiro, AFA Viveiro, constituíuse no ano 2005 debido a iniciativa de un grupo de familiares de persoas que padecían a enfermidade de Alzheimer. É unha entidade sen ánimo de lucro declarada de Utilidade pública no DOG número 77 do 21 de abril, publicado na orde do 3 de abril do 2017, que desenrola a súa actividade no ámbito da atención a os afectados pola enfermidade de Alzheimer e outras demencias.


AFA Viveiro traballa para que as persoas afectadas pola enfermidade sexan tratadas co máximo respecto posible e que as súas familias teñan unha boa calidade de vida. Declara o seu compromiso con transparencia, xestión responsable e solidaria, coherencia, equidade e por último universalidade.

Por iso, considerase necesario definir una política de calidade na que a asociación se comprometa:

- ✓ *Mellorar a calidade de vida das persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias, así como a dos seus familiares e cuidadores principais.*
- ✓ *Apoiar e asesorar as familias en todos os ámbitos.*
- ✓ *Ofrecer información e formación cualificada a familiares e profesionais.*
- ✓ *Sensibilizar sobre a demencia as institucións, a poboación e favorecer no campo da investigación.*
- ✓ *Mellorar de forma continua a eficacia do Sistema de xestión de Calidade de AFA Viveiro, no que se fixaran anualmente os obxectivos de calidade, analizarase o seu cumprimento, revisarase a adecuación e eficacia do sistema de xestión da calidade implantada.*

A dirección de AFA Viveiro, comprométese a coidar que sexan respectadas as disposicións descritas na documentación do Sistema de xestión da Calidade, contando coa colaboración da persoa Responsable de Calidade e poñendo todos los medios necesarios para iso.

Viveiro, 13 de outubro de 2023



José Amador Fernández Pérez

Presidente da Asociación de familiares de persoas
con Alzheimer e outras demencias de Viveiro.
AFA Viveiro.